


Ruta AQA

DE MUÍÑO A MUÍÑO.....

Ao longo da ruta AQA atopamos varios muíños tradicionais de auga. Estes tres de Portafurado, máis outro en Maceira, foron restaurados no 2010 polo obradoiro de emprego “Covelo Natura”.

A aparición do muíño hidráulico, nos séculos XI ou XII, supuxo a substitución da forza humana pola da auga como fonte de enerxía, e revolucionou a vida dos nosos antepasados. Ata hai unhas poucas décadas foron unhas das construcións máis importantes das nosas aldeas, economicamente imprescindibles e ademais xogando un importante papel nas relacións sociais da Galicia rural.



Os muíños que atopamos na ruta AQA son muíños de rodicio, nos que a roda está colocada horizontalmente dentro do “inferno” da planta inferior. A auga procedente da canle bate contra o rodicio, que se pon en movemento. Este movemento transmítese a través do eixe á peza de moer. O gran, colocado na moega, vai caendo no ollo da moa a través da quenlla. A moa xira e esmía a gran contra o pé, converténdoo así en fariña.



O muíño na praia fluvial de Maceira (esquerda) é moito máis grande que os de Portafurado, con catro rodicios



A ruta AQA está baseada nun roteiro circular de 11,5 km polo val do Tea, entre Redondo e a praia fluvial de Maceira. Podemos extendelo desde Redondo ata Barcia de Mera, nun ramal adicional de 2,2 km. Alternativamente podemos continuar desde Lourido ata Santiago de Covelo, noutro ramal de 4,0 km.


Existe unha audioguía que describe a ruta en detalle.

A REDE NATURA 2000

O Río Tea, xunto con algúns dos seus afluentes como o Alén, forma parte da *Rede Natura 2000*, a rede europea de espazos naturais protexidos. É un dos ríos mellor conservados do sur de Galicia: en canto as súas augas, as súas ribeiras e a súa continuidade.

O río sostén unha das comunidades de peixes máis diversas de Galicia, debido en parte á accesibilidade aos tramos altos para especies migratorias como a anguía, a lamprea, o reo e o salmón atlántico. Augas limpas e ben oxigenadas, e beiras naturais con máis de 350 especies de plantas autóctonas, crean as condicións ideais para invertebrados, anfibios, mamíferos e aves ligado ao medio acuático, incluíndo rarezas como o auganeiro, especies endémicas como a píntega rabilonga, e nobres pescadores como a lontra e o picapeixe.

O seu bosque de ribeira, no que os carballos comparten espazo con ameneiros, salgueiros e freixas, é máis ou menos continuo desde a Serra do Suído ata o Baixo Miño. Créase así un importante *corredor ecolóxico*, que permite o movemento de animais por tódolo seu curso.



Ruta AQA

Curuxa común
(Tyto alba)



AS CARBALLEIRAS DO TEA

O val do Tea acolle algúns dos mellores bosques autóctonos da provincia. Ao pe da auga atopamos bosques de ribeira de ameneiros, salgueiros, freixos e bidueiros, e se nos alonxamos uns metros máis do río entramos nas carballeiras termófilas nas que reina o carballo, e onde tamén abundan loureiros, estripeiros, sanguíños e xilbarbeiras. No chan húmido e sombrío destes bosques sobrevive unha flora especializada de feos, luzulas e fentos incluíndo varias especies ameazadas e protexidas.



Salgueiro
(Salix atrocinerea)



Carballo
(Quercus robur)



Loureiro
(Laurus nobilis)



Ameneiro
(Alnus glutinosa)

Os bosques do Tea resgardan as beiras do río, sombrean o seu cauce e apórtanlle nutrientes. Forman tamén unha banda de protección natural contra o lume. Por último, son os hábitats de centos de especies da nosa fauna máis emblemática. A súa continuidade, case sen interrupcións dende o Baixo Miño ata a Serra do Suído, convérteno nun corredor ecolóxico, unha vía natural de comunicación que conecta os diferentes hábitats naturais da comarca.



Azor
(Accipiter gentilis)



Xilbarbeira
(Ruscus aculeatus)



Fento real
(Osmunda regalis)



Vacaloura
(Lucanus cervus)



Corzo
(Capreolus capreolus)



A ruta AQA está baseada nun roteiro circular de 11,5 km polo val do Tea, entre Redondo e a praia fluvial de Maceira. Podemos extendelo desde Redondo ata Barcia de Mera, nun ramal adicional de 2,2 km. Alternativamente podemos continuar desde Lourido ata Santiago de Covelo, noutro ramal de 4,0 km.

Existe unha audioguía que describe a ruta en detalle.

A REDE NATURA 2000

O Río Tea, xunto con algúns dos seus afluentes como o Alén, forma parte da *Rede Natura 2000*, a rede europea de espazos naturais protexidos. É un dos ríos mellor conservados do sur de Galicia: en canto as súas augas, as súas ribeiras e a súa continuidade.

O río sostén unha das comunidades de peixes máis diversas de Galicia, debido en parte á accesibilidade aos tramos altos para especies migratorias como a anguía, a lamprea, o reo e o salmón atlántico. Augas limpas e ben oxixenadas, e beiras naturais con máis de 350 especies de plantas autóctonas, crean as condicións ideais para invertebrados, anfibios, mamíferos e aves ligado ao medio acuático, incluíndo rarezas como o auganeiro, especies endémicas como a píntega rabilonga, e nobles pescadores como a lontra e o picapeixe.



Ruta AQA

Para máis información sobre o LIC Río Tea e sobre a ruta AQA:
Concello de Covelo (986) 650027 www.concellodecovelo.es/audioguias

A VIDA Á BEIRA DO RÍO

A maioría da fauna do río precisa máis que só auga limpa. A conservación das ribeiras é importante porque moitas das especies máis emblemáticas viven alí, polo menos parte do tempo, mais visitan o río na procura de alimentos ou para criar.

As **libélulas** e os **cabaliños**

do demo pintan os aires do Tea de cores cada verán. Mais na súa fase xuvenil son acuáticos, e esixen augas moi limpas. A diversidade de especies presentes no Tea é bo indicador da súa calidade.



Cabaliño do demo¹
(*Calopteryx virgo*)

Saramaganta rabilonga²
(*Chioglossa lusitanica*)



Anfibios, como a **ra patilonga** e a **saramaganta rabilonga**, necesitan auga para a reprodución.



Ra patilonga³
(*Rana iberica*)

As **lontras** están perfectamente adaptadas á vida no río. A súa pelaxe impermeable e illante permítelles pasar ata 6 horas cada noite na auga sen

coller frío, nadando con velocidade na procura de peixes, anfibios, e outras presas. Incluso os seus chamativos bigotes teñen unha función, axudando a detectar pequenas vibracións de peixes na auga!

Lontra⁴
(*Lutra lutra*)



A ruta AQA está baseada nun roteiro circular de 11,5 km polo val do Tea, entre Redondo e a praia fluvial de Maceira. Podemos extendelo desde Redondo ata Barcia de Mera, nun ramal adicional de 2,2 km. Alternativamente podemos continuar desde Lourido ata Santiago de Covelo, noutro ramal de 4,0 km.

Existe unha audioguía que describe a ruta en detalle.



Picapeixe
(*Alcedo atthis*)




Algunhas aves están tamén adaptadas a alimentarse debaixo da auga. O **picapeixe** se lanza desde as polas das árbores para capturar peixes, mentres o **merlo rieiro** é capaz de nadar e incluso andar no fondo, comendo invertebrados.

A REDE NATURA 2000

O Río Tea, xunto con algúns dos seus afluentes como o Alén, forma parte da *Rede Natura 2000*, a rede europea de espazos naturais protexidos. É un dos ríos mellor conservados do sur de Galicia: en canto as súas augas, as súas ribeiras e a súa continuidade.

O río sostén unha das comunidades de peixes máis diversas de Galicia, debido en parte á accesibilidade aos tramos altos para especies migratorias como a anguía, a lamprea, o reo e o salmón atlántico. Augas limpas e ben oxixenadas, e beiras naturais con máis de 350 especies de plantas autóctonas, crean as condicións ideais para invertebrados, anfibios, mamíferos e aves ligado ao medio acuático, incluíndo rarezas como o auganeiro, especies endémicas como a píntega rabilonga, e nobles pescadores como a lontra e o pica-peixe.

O seu bosque de ribeira, no que os carballos comparten espazo con ameneiros, salgueiros e freixas, é máis ou menos continuo desde a Serra do Suído ata o Baixo Miño. Créase así un importante *corredor ecolóxico*, que permite o movemento de animais por todo o seu curso.



Reo
(*Salmo trutta trutta*)

Merlo rieiro⁵
(*Cinclus cinclus*)



Uso de imaxes dos seguintes autores cedido baixo licenza Creative Commons Xenerica 2.0:
¹Richard Bartz; ²Drow male; ³Luis Hernández García; ⁴Keven Law; ⁵Andrew 2606